

A nosa tenda:



OFERTA
CAMISETA CAMPEONS TEMPORADA 2.010-11
6,00 €



GORRA P.B. SAN MIGUEL
6,00 €



BANDERÍN F.C. BARCELONA - P.B. SAN MIGUEL
3,00 €



BUFANDA P.B. SAN MIGUEL - 12,00 €



CAMISETA HISTORICA.
ULTIMAS UNIDADES,
40,00 €

BOLETÍN INFORMATIVO

San Miguel de Reinante, a 26 de setembro de 2.012 - Nº 32



Peña Barcelonista San Miguel

Souto nº 66

San Miguel de Reinante

27793 (Lugo)

Peña 1.194

Fundada en 1.997

<http://penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>

pbsanmiguel@yahoo.es

A churrascada dictou sentenza.

CONTIDO:

Viaxes para esta temporada

Depor - Barça

Cotas de socio + Lotería

da Liga de Campeóns, o partido será en sábado, polo que fará que a volta sexa máis cómoda.

Tanto na viaxe a Valladolid, como na de Bilbao, pernoctarase e aproveitaremos para facer turismo monumental e gastronómico.

Depor - Barça:

Como xa sabedes, o próximo día 20 de outubro ás 22 h., dispútase o partido de Liga Deportivo da Coruña - F.C. Barcelona.

A Peña como soe ser habitual dende a súa fundación, acudirá a Riazor para animar ó Barça e tentar disfrutar como nas últimas temporadas.

A saída será ás 10 da mañá do sábado, dende o Bar Cuplé de San Miguel (os residentes noutras localidades contactarade para acordar sitio de recollida) e a volta está prevista para o remate do partido.

O prezo das entradas será de 87 €. Este será o importe que terán que paga-los socios. Os non socios terán un recargo en concepto de desprazamento de 15 €. Enténdese neste caso como non socios, os que non sexan acompañantes directos dun socio, tipo muller, fillo, pai ou irmán.

O prazo para apuntarse para esta viaxe, remata o día 10 de outubro, sendo imprescindible o pago das cantidades antes mencionadas no intre de apuntarse.

Fora deste prazo non se poderán aten-

Viaxes temporada:

O sábado día 22 de setembro, na sobremesa da churrascada que celebramos, acordouse entre os socios alí presentes, as viaxes que se van organizar esta temporada para ir ve-lo Barça en directo.

Tras un intercambio de propostas e opinións e analizando os calendarios, decidíronse os seguintes desprazamentos.

A Coruña, que será o vindeiro sábado 20 de outubro e do que damos conta máis exacta no seguinte apartado.

Xa pouco antes do Nadal, decidiuse via-xar a Valladolid. Este partido será o sábado día 22 de decembro. ¡Quén sabe si nos enteraremos que nos tocou a lotería no autobús de viaxe a Pucela.

Por último viaxe da temporada, acordouse Bilbao. Unha cidade e unha afección, que pese ós últimos enfrontamentos na final da Copa do Rei, nos recibe e nos trata con unha deportividade e un señorío digno de repetir visita. Nin que decir ten, a vezeza da cidade e a súa gastronomía. Esta viaxe será a fin de semana do 27 e 28 de abril. Se todo vai ben e o Barça se clasifica para semifinais

Para apuntarse ou máis información: 625 82 10 44

der peticións de entradas.

Coma sempre, si tedes algunha consulta, non dubidedes en contactar coa peña.

Finalmente comentar, que a fin de abaratar custos, pode que a peña comparta un autobús con outra peña da zona, como xa se fixo en varias ocasións e sempre con bo resultado.

¡Agardámosvos e non o deixedes para última hora!

Cotas de socio + lotería:

Seguimos co prazo de pago de cotas de socio aberto. Os prezos como en anos anteriores son de 36,00 € a cota de adulto e 10,00 € para nenos ata 12 anos.

As cotas poderanse pagar como soe ser habitual:

Os que tedes domiciliado o pago, contade que se pasarán os recibos ó cobro nos vindeiros días.

Os que non tedes domiciliado, aínda podedes domiciliar dándonos o voso número de conta bancaria, ou podedes facer o pago en efectivo a calquer directivo da peña ou ben facendo un ingreso nunha das dúas contas que ten a peña:

Nova Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289

La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

Como xa se comentou, o prazo para o pago das cotas rematará o día 31 de outubro, polos motivos expostos no boletín anterior.

Por outra banda, xa temos a tradicional

lotería de Nadal.

A colaboración de todos é fundamental, así que esperamos que contactedes con nosoutros para pedir un talonario para tentar de vendelo. Só son 25 papeletas por talonario, que entre uns familiares, dous amigos e tres intercambios, xa está vendido.

¡Este ano seguro que toca!



Un saúdo e Visca o Barça, Viva a Peña